

## VOCABULARIO

## Hidrosfera

**Aerobia** : Onde intervén o osixeno. Os microorganismos aerobios consumen osixeno

**Anaerobia**: Sen osixeno. Os microorganismos anaerobios non precisan o osixeno

**Augas duras**: Son as que conteñen disoltas cantidades elevadas de sales de calcio e de magnesio

**Autodepuración**: Depuración realizada na propia natureza

**Biogás** : Gas formado a partir da descomposición da materia orgánica de forma anaerobia

**Bioquímicas**: Bios = vida. As reaccións bioquímicas son as reaccións químicas relacionadas co metabolismo, como as que se dan por exemplo na respiración celular para producir enerxía

**Condensación**: O aire cargado de humidade, ó ascender e arrefriarse, condénsase e orixina nubes

**Decantación**: Sedimentación para depositar partículas e formar lodos nas depuradoras.

**Depuración**: Consiste no tratamento das augas residuais para que poidan ser reutilizadas destinándoas a outros usos ou para devolvelas á natureza sen que exista risco de contaminación.

**Desgasificación**: Perda de gas, saída de gas dende o magma a atmosfera

**Escorrentía**: Cando a auga discorre libremente pola superficie sen canle fixo camiño dos regatos, ríos, mar

**Evaporación**: O calor do sol evapora a auga da terra e sobretudo dos Océanos.

**Infiltración**: É o paso de auga ao subsolo desde aquí pasa as correntes de auga superficiais ou directamente desauga nos mares e océanos pechando o ciclo.

**Ponte de hidróxeno**: Enlace orixinado por atracción entre cargas positivas e negativas.

**Potabilización**. Consiste en tratar a auga para eliminar todas as impurezas que contén antes de que sexa consumida polo ser humano.

**Precipitación**: Por medio da precipitación a auga retorna á superficie terrestre en forma de choiva, neve, sarabia, -

**Tratamento biolóxico**: Tratamento da auga que se realiza nos sistemas de depuración copiando os sistemas naturais, de autodepuración.

**Troposfera**: Parte baixa da atmosfera, capa máis próxima a terra, con grosor medio de 12 km.